

Nº expte.	Entidade solicitante	Denominación do proxecto	Subvención concedida	Anualidade 2005	Anualidade 2006	Distribución financeira			
						04.03.213B.490.0		04.03.213B.790.0	
						Anualidade 2005	Anualidade 2006	Anualidade 2005	Anualidade 2006
2005/021	Confederación Intersindical Galega-CIG	Capitación técnica e reforzamento organizativo do sindicalismo na zona Andina: muller e economía informal. Bolivia/Perú	38.000,00	20.000,00	18.000,00	20.000,00	18.000,00		
2005/022	Asoc. Centro Partido de O Carballiño	Programa socio sanitario para a terceira idade zona norte de Arxentina. Arxentina	27.570,00	27.570,00		27.570,00			
2005/024	Centro Gallego de Jubilados y Pensionados de Avellaneda	Proxecto de atención socio-sanitaria a través dun centro de día. Arxentina	10.715,00	10.715,00		10.715,00			
2005/025	Centro Gallego de Buenos Aires	Programa sociosanitario da 3ª idade de día Centro Gallego de Bos Aires. Arxentina	40.000,00	40.000,00		40.000,00			
2005/028	Maraña Goldar, Diego, S.L.W.E.	Mellora da calidade de vida de 6.400 adultos maiores de orixe galega e mulleres xefas de fogar arxentinas a través da entrega de caixas alimentarias e seguimento asistencial, médico e capacitación. Arxentina	100.000,00	100.000,00		99.149,00		851,00	
2005/033	Universidade de Santiago de Compostela-Aula Product Lácteos	Proxecto de formación e apoio integral dos produtores artesanos de produtos lácteos en Perú (ArtePerú 2005). Perú	112.189,00	71.993,00	40.196,00	32.295,00	25.196,00	39.698,00	15.000,00
2005/034	Rural Consulting, S.L.	Apoio á comunidade Aonin mediante a formación e o ecoturismo en Walvis Bay. Namibia	58.549,00	48.549,00	10.000,00	9.000,00	10.000,00	39.549,00	
2005/035	Centro Gallego del Mar del Plata	Proxecto de asistencia socio-sanitaria para adultos maiores do Centro Gallego de Mar del Plata. Arxentina	26.460,00	26.460,00		26.460,00			
2005/037	Universidade de Santiago de Compostela	Creación dun sistema de información catastral na parroquia de Vilcabamba, cantón de Loja. Ecuador	115.832,00	72.032,00	43.800,00	33.432,00	28.800,00	38.600,00	15.000,00
2005/040	Universidade de Santiago de Compostela	Formación e transferencia de tecnoloxía para a creación dunha unidade de hidroxeoloxía no departamento de hidráulica R.A.S.D. (Arxelia)	75.980,00	50.920,60	25.059,40	10.240,80	7.625,20	40.679,80	17.434,20
TOTAL			1.360.247,30	1.000.000,00	360.247,30	600.000,00	250.000,00	400.000,00	110.247,30

Resolución do 21 de xullo de 2005 pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 2 de febreiro de 2005, pola que se convocan axudas de cooperación exterior de carácter humanitario ou de emerxencia para o ano 2005, e pola que se aproban as bases reguladoras da concesión destas axudas.

O artigo 5º da Orde do 2 de febreiro de 2005 pola que se convocan axudas de cooperación exterior de carácter humanitario ou de emerxencia para o ano 2005 e pola que se aproban as bases reguladoras da concesión destas axudas, dispón que «Unha vez ultimada a concesión de axudas, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación do beneficiario, contía, país de destino e finalidade».

Na súa virtude,

RESOLVO:

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas por resolucións desta secretaría xeral por razón de carácter humanitario ou de emerxencia, por un importe global de douscentos mil euros (200.000 euros), nas contías, beneficiarios, país de destino e finalidade que se relaciona no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2005.

P.D. (Orde 2-2-2005)

Jesús Gamallo Aller

Secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior

ANEXO

Expediente	Beneficiario	Denominación do proxecto	País	Total axuda concedida
1/2005	<i>Misioneras del Divino Maestro</i>	Centro de axuda <i>Brisas del Este</i> . Cidade Bolívar	Venezuela	13.800
2/2005	<i>Fundación Cume para el Desarrollo de Culturas y Pueblos</i>	Mellora da calidade de vida de 945 persoas, a través da autoconstrución de sanitarios familiares en El Alto	Bolivia	25.400
3/2005	<i>Asociación de Estudiantes Galegos para Axuda Social (EGAS)</i>	Axuda alimentaria e sanitaria a familias cubanas	Cuba	30.000
4/2005	<i>Manos Unidas</i>	Acompañamento físico e mental das vítimas da emerxencia Tsunami, estado de Tamul Nadu	India	25.440
6/2005	<i>Addis-Galicia (Asociación pro Dereitos da Infancia)</i>	Ceonce: comedor de barrio para nenos indixentes e VIH positivos. Addis Abeba	Etiopía	18.000
8/2005	<i>Asociación España con Acnur</i>	Emerxencia no leste do Chad: acceso a auga potable	Chad	30.000
9/2005	<i>Solidariedade Internacional de Galicia</i>	Mellora das condicións sanitarias no campo de refuxiados palestinos de Dbayeh	Líbano	25.000
10/2005	<i>Asamblea de Cooperación por la Paz</i>	Axuda de primeira emerxencia para 1.950 persoas damnificadas polas inundacións causadas polo paso da onda tropical Beatriz	El Salvador	20.000
11/2005	<i>Fundación Cume para el Desarrollo de Culturas y Pueblos</i>	Axuda de emerxencia aos damnificados polo furacán Dennis en Cuba	Cuba	12.360
TOTAL				200.000

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 27 de setembro de 2005 sobre delegación de competencias no secretario xeral de Comunicación.

A actividade administrativa da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza leva consigo unha concentración de funcións no seu titular que aconsella, dado o seu volume, recorrer á delegación de competencias no secretario xeral de Comunicación, sen esquecer o debido respecto aos principios que informan a actividade administrativa e que a nosa Constitución recolle no seu artigo 103.1º.

A delegación de competencias permite a axilización administrativa necesaria que redundará en beneficio tanto da Administración como dos administrados, dentro do máis rigoroso respecto das garantías xurídicas que a tutela dos intereses públicos exige.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, na redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, o artigo 72.4º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administra-

tivo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPONGO:

Artigo 1º

Deléganse no secretario xeral de comunicación as seguintes competencias:

a) Autorizar e dispoñer os gastos xerais dos servizos da Secretaría Xeral de Comunicación, así como o seu compromiso e liquidación, solicitando da Consellería de Economía e Facenda a ordenación dos pagamentos, agás respecto dos créditos do capítulo I.

b) As funcións que como órgano de contratación lle son atribuídas ao titular da consellería pola lexislación vixente en relación cos servizos da Secretaría Xeral de Comunicación.

c) A subscrición, modificación e prórroga dos convenios de colaboración con outras administracións públicas ou entes de dereito público, así como os particulares que outorgue esta consellería en temas relacionados coa comunicación.

d) A designación das comisións de servizos, con dereito a indemnización, prevista no artigo 4 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de todo o persoal dependente organicamente da Secretaría Xeral de Comunicación.

e) Dispoñer canto concirne o réxime interno da Secretaría Xeral de Comunicación cando non sexa competencia do conselleiro, da Secretaría Xeral da consellería ou doutra dirección xeral.